

# A VILA IMAXINADA



TODO CANTO FOMOS  
UNHA ACHEGA DE XOSÉ MONTEAGUDO



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)



CONCELLO DE  
**PONTEVEDRA**





**Autor:** Xosé Monteagudo

**Biografía:** (Santa Xusta de Moraña, 1965) Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, traballa como técnico de Facenda na Axencia Tributaria de Pontevedra. Alén da súa faceta como narrador, imparte obradoiros literarios sobre narrativa e exerce a crítica literaria na revista *Grial*. Forma parte, como secretario, do Padroado da Fundación Euseino?.

Entre as súas publicacións destacan *As voces da noticia* (2002), *Esta historia* (2006), *Un tipo listo* (2009), *O curioso mundo das persoas normais* (2012), *Todo canto fomos* (2016).

Sobre a súa paixón pola escrita, declara: “Nacín en 1965 nunha aldea do interior de Pontevedra, Santa Xusta de Moraña, e alí vivín os primeiros anos da miña vida. Afortunadamente as vacacións dos estudantes son longas, así que nos veráns da adolescencia case todo o meu tempo estaba ocupado en ler e en escribir. Empecei a relatar en secreto os pequenos feitos que pasaban ó meu redor. Non sabería explicar como xurdiu en min esa tendencia a converter en letra escrita o que me rodeaba. O caso é que axiña me dei conta de que a afección me importaba máis ca cousa ningunha. E pouco a pouco o seu obxecto foron menos as realidades que vía e máis as que era quen de imaxinar. Dese xeito foi como xurdiron os primeiros contos que escribín.

Case de seguido empezaron a xurdir tamén os primeiros proxectos de novela. Recordo que nun deses veráns, coa inxenuidade dos vinte anos escribín unha novela que pouco despois serviu para alimentar o lume da cociña. Probablemente aí foi onde descubrín a diferenza entre escribir unha historia e facer literatura. E a partir diso comprendín tamén que facer literatura, polo menos no meu caso, requiría a doses case iguais aprendizaxe, traballo e disciplina. Con todo o que xa levaba lido a esas alturas, empezou a obsesionarme algo que non deixa de preocuparme aínda hoxe: a teima de contar as cousas dun xeito diferente. Era un obxectivo difícil, e desde logo esixía moita paciencia (entón non imaxinaba que esixía tanta como agora podo contar, nin sospeitaba tampouco que eu ía ter unha reserva tan grande dela). Mais iso era o único polo que desexaba seguir loitando.”



# TODO CANTO FOMOS

Estamos en Pontevedra, na Praza da Peregrina, xunto á escultura do loro Ravachol. Aquí comeza a nosa pescuda a través dun roteiro que nos levará a descubrir o que pasou cos personaxes da novela *Todo canto fomos*, onde vivían e traballaban, con quen se relacionaban e algunhas das cousas que fixeron. No noso percorrido temos que escoitar as pedras das rúas que pisamos e habemos de fixarnos con atención nas casas e nos recunchos máis recónditos. Se cadra, detrás dunha ventá albiscamos a Castelao ou a Bóveda, ou mesmo vemos a Carlota ou a Maribel ou a Amaro, que saen das páxinas da novela para habitar de novo nos escenarios reais por un intre! Así que primeiro ollamos o que nos rodea na Praza da Peregrina e xusto detrás do Ravachol, no baixo do edificio que fai esquina entre as rúas Peregrina e Michelena, onde hoxe hai unha oficina bancaria, vemos nos anos vinte e trinta do século XX o café Méndez Núñez. Un café no que habitualmente se xuntaban Castelao e Bóveda e Blanco Porto e algúns outros persoeiros da vida cultural pontevedresa desa época, ademais dalgúns dos personaxes da novela, coma Anxo Daponte. Nese café tiñan moitos días, polo serán, un parladoiro no que falaban de política e de libros e pintura e de crear unha coral polifónica en Pontevedra. En fronte do loro Ravachol estaba a botica de Maquieira, onde tamén se reunían ás veces algúns deles e mais Anxo Daponte no que chamaban o club karepas, para falar e organizar viaxes polas vilas da provincia durante a fin de semana.

Saímos da Praza da Peregrina e enfiámonos o comezo da rúa Benito Corbal, onde imos parar un anaco para intentar ver ao lonxe nesa rúa, que daquela se chamaba rúa do Progreso, o lugar onde Amaro Carreira creou o teatro e a librería que se describe en *Todo canto fomos*, e onde se xuntaban nos anos vinte e trinta algúns dos personaxes da novela. Pero non camiñamos máis nesa dirección. Volvemos sobre os nosos pasos e atravesamos a Praza da Ferrería. Á dereita deixamos a antiga delegación de Facenda, onde traballaba Alexandre Bóveda como xefe de contabilidade, e á esquerda, onde está o café Carabela, deixamos o despacho onde Castelao traballaba en Estatística. Adentrámonos no casco histórico de Pontevedra pola rúa Pasantería ata chegarmos á rúa Sarmiento, na que encontramos un edificio que fai esquina entre ambas rúas. Aquí estaba a principios do século XX a Escola de Maxisterio feminina. Nos anos vinte comezaban a vivirse ventos de cambio a nivel das ideas e había algunhas persoas coma Carlota, que estudou nesta Escola, que xa falaban de conceptos e teorías diferentes ás que se ensinaban daquela. Un pouco máis adiante, ao pasar a igrexa de San Bartolomeu, vemos unhas pequenas xanelas enreixadas a nivel da rúa. Nese lugar estaba a incluso, un lugar no que eran abandonados algúns bebés para que as monxas que rexentaban o orfanato os acollesen e os desen en adopción, como sucedeu con Maribel en *Todo canto fomos*.



Regresamos pola rúa Sarmiento en dirección á Praza do Teucro, no comezo dunha zona na que había varias imprentas nas que se editaban daquela algúns dos xornais que se distribuían na capital e na súa provincia. Un pouco máis adiante, na rúa Manuel Quiroga, pasamos fronte ao Liceo Casino, a onde acudía Carmen, a irmá de Maribel, nos anos cincuenta e onde coñeceu ao seu futuro marido. Atravesamos a rúa de Don Filiberto cara a confluencia das rúas Alhóndiga e Dona Tereixa, nas que nos paramos un pouco a contemplar tamén algúns dos edificios onde estivo situada a imprenta El Pueblo, da que saía algún dos xornais que difundían as ideas de progreso neses anos, e da que despois, nos anos posteriores á guerra civil, saíu algunha colección de libros de poesía. Seguimos avanzando para pasar ao lado do edificio do Concello, onde o 14 de abril de 1931 Anxo Daponte puido ver despregada no balcón a bandeira galega xunto á bandeira republicana. Pasamos pola beira do edificio que actualmente ocupa a subdelegación do Goberno, e detrás del, desde a esquina da rúa xeneral Martitegui, contemplamos ao fondo o colexio Froebel, no que Carlota impartiu clases, aprendéndolles ás súas alumnas o valor da cultura e a loitar pola igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

Xiramos a cabeza e volvemos cara a Alameda, situada ás nosas costas. Desde alí contemplamos o edificio do instituto (actual IES Valle-Inclán), que se inaugurou en 1927, no cal Anxo Daponte impartiu as súas clases de Historia. Miramos un pouco máis alá e vemos o edificio no que está actualmente a Deputación Provincial, pero no que tiña a súa sede tamén o goberno civil nos anos trinta do século XX. Se nos fixamos ben, se cadra podemos ver través das xanelas do segundo andar do edificio a Alexandre Bóveda ou a Anxo Daponte, que nos días do golpe de Estado do 1936, antes de que en Pontevedra triunfase a sublevación, estaban por aquelas dependencias, intentando que a cidade e a provincia enteira se mantivese fiel á democracia ante as noticias da sublevación militar, que non paraban de chegar a este edificio nesas horas. Pero se non os vemos aí, talvez debamos seguir camiñando un pouco máis ata a Praza de San Xosé, onde se sitúa o conxunto escultórico do parladoiro, a ver se os vemos a eles e mais a Castelao e incluso a Amaro no café Moderno, que está en fronte. Nos anos vinte e trinta, as persoas mencionadas e moitos outros pontevedreses tiñan nese café unha parada fixa varios días á semana para falar fronte a unha cunca de café ben quente e para escoitar a música en directo do piano e o violín e incluso para ver algunha película que proxectaban ás veces nun dos salóns do local. O local non cambiou tanto desde aqueles tempos, así que aquí poden seguir. Non están aquí tampouco? E seguimos sen saber o que pasou? Pois nese caso, posiblemente o mellor será que leamos a novela *Todo canto fomos*, a ver se nas súas páxinas encontramos as pegadas que nos descubran o que ocorreu con todos eles.






Praza da Peregrina, edificio do antigo Café Méndez Núñez



Praza da Ferrería



Escola de Maxisterio feminina



Antigo orfanato



Imprenta Peón, na Praza do Teucro



Liceo Casino

Concello



Colexio Froebel



Instituto Valle Inclán



Deputación Provincial



Praza de San Xosé



# PROPOSTA DIDÁCTICA:

Coñecemos a Historia e sabemos que en 1936 en España houbo un golpe de Estado contra a democracia, iniciando así unha guerra civil. Esta rematou en 1939 coa vitoria do bando golpista, o cal deu lugar a unha ditadura que se alongou ata 1975. Pero a Historia poido non ser esa. Se a guerra que comezou daquela fose gañada pola República, hoxe contaríamos as cousas dun xeito diferente.

Pensando nesta segunda posibilidade proponse que o alumnado faga un relato (de entre 1 e 3 páxinas) creando un ou varios personaxes de ficción. Como base de partida deben terse en conta os seguintes feitos:

1. O golpe de Estado contra a República fracasa en Pontevedra (ou triunfa nos primeiros momentos pero fracasa ao pouco tempo).
2. A República remata por ganar a guerra civil e, polo tanto, non existiu a ditadura franquista.

Tendo en conta eses datos de partida, trátase de desenvolver un relato no que se conte a historia do tempo posterior ao 18 de xullo de 1936. O relato debe expresar dalgunha forma que no tempo anterior a esa data, os personaxes defenderon ideas ou tiveron comportamentos na súa vida pública ou privada que eran contrarios aos das forzas que deron o golpe de Estado.







## ÁMBITO DOCENTE:

O Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, trata no seu artigo 4º os elementos transversais, é dicir, os elementos que se traballarán en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico. Este artigo cita numerosos elementos transversais, entre eles a comprensión lectora (CL); a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA); as tecnoloxías da información e a comunicación, (TIC); a educación cívica e constitucional (ECC); a igualdade efectiva entre homes e mulleres (GX) e a prevención da violencia de xénero (PVX), establecendo que "se evitarán comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero"; a igualdade de trato e non discriminación (IG); a resolución pacífica de conflitos (RPC) ou a educación en valores (VAL). Esta proposta didáctica responde a estes coñecementos transversais.

Asemade, resaltamos o grupo de obxectivos xerais que coidamos poden ser obxecto de traballo a partir desta sesión de aula:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**A proposta de roteiro está indicada para calquera grupo de ensino secundario ou de bacharelato. De xeito particular coidamos que o interés principal reside nos centros de estudo da cidade de Pontevedra, mais pode ser empregado por calquera outro centro xa que a temática transversal tratada a través do roteiro está relacionada coa educación integral do alumnado galego.**

A vila imaxinada é un proxecto de creación de material de apoio á docencia desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que se adecúa aos estándares de aprendizaxe da lei educativa vixente e propón alternativas para conseguir os obxectivos de etapa do alumnado do noso sistema educativo en coordinación coa realidade galega na que se atopan. Dentro desta proposta global atopamos A Pontevedra imaxinada coma concreción en torno a unha cidade.

A Pontevedra imaxinada oferta outro xeito de mirar a cidade de Pontevedra da man de creadoras e creadores que alicerzan o pensamento nas letras dotan de significados, ás veces descoñecidos, ás rúas que camiñamos mo día a día.

Esta achega de Xosé Monteagudo ademais, explora elementos transversais do currículo como a igualdade, a memoria, a historia da cidade e do galeguismo, a relevancia da literatura e a cultura para a construción da sociedade e do futuro ou a importancia dos valores persoais e da solidariedade e pode ser empregada tanto na materia de lingua galega e literatura como na de xeografía e historia ou na titoría. Tamén se pode entender coma actividade complementaria á que se pode engadir unha saída pola cidade en compañía dos docentes que desexen levala a cabo.

Se algún de vós a realiza deste xeito e quere documentalala ou elaborar un proxecto arredor da nosa proposta estaríamos encantados de saber dela. Para este fin podedes empregar o correo da nosa oficina:

oficina@aelg.org

Como temáticas principais da proposta didáctica resaltamos: Pontevedra, galeguismo, historia da literatura, identidade, franquismo, segunda república, respecto, diversidade, memoria histórica, pensamento crítico, desenvolvemento e crecemento persoal, oralidade, debate, conciencia social.



A Pontevedra imaxinada é un proxecto da AELG creado co amparo do Concello de Pontevedra.

Proposta didáctica: Xosé Monteagudo

Coordinación: Anna R. Figueiredo

Ilustración de capa: Luz Beloso

Maquetación e produción audiovisual: Beatriz Pereira